

PROCEDEMENTO FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO (3º,4º,5º E 6º EP):

Repartiranse por orde de renda os libros existentes no fondo. De non haber libros suficientes o centro marcará un número de libros en función da renda:

- Familias con renda per cápita ata 6.000€: ata 6 libros.
- Familias con renda per cápita entre 6.000 – 10.000 €: ata 4 libros.
- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia e alumnado con discapacidade $\geq 65\%$: 6 libros.

AXUDAS LIBROS DE TEXTO (1º e 2º EP)

A contía das **axudas dos libros**:

- Familias con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€: 240 €
- Familias con renda per cápita entre 6.000 – 10.000 €: 160 €
- Alumnado con discapacidade $\geq 65\%$: 300 €
- Para o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o importe da axuda será o maior correspondente ao ensino e curso en que estea matriculado, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

AXUDAS MATERIAL ESCOLAR (1º - 6º EP)

- Familias con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€: 75 €
- Familias con renda per cápita entre 6.000 – 10.000 €: 60 €
- Alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado con discapacidade $\geq 65\%$: 75 €

CÁLCULO RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

A renda per cápita calcúlase sumando as casillas (da declaración da **renda do 2022**) 435 + 460 e dividindo entre o número de membros da familia. Se hai dúas declaracións (pai e nai por exemplo) tedes que sumar o resultado das dúas.

No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de

todos os membros computables da unidade familiar durante o exercicio 2022.

MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR

En todo caso, terase en conta **a situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2022**, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia exclusiva a unha das persoas proxenitoras, nos casos de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica, e nos casos de falecemento dalgunha das persoas proxenitoras.

Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas

Terán a consideración de **membros computables** da unidade familiar:

- a) As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciadas ou, de ser o caso, as persoas titoras do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade, discapacitados cando teñan modificada xudicialmente a súa capacidade xurídica mediante a constitución de curatela representativa ou cando estean suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) As persoas proxenitoras separadas legalmente ou divorciadas con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- f) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar

coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3. **Non terá a consideración de membro computable:**

a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

